

## **A CONSELLERÍA DO MAR DUPLICA A PRESENZA DOS XESTORES NÁUTICOS GALEGOS EN EVENTOS PROMOCIONAIS DE CARÁCTER INTERNACIONAL**

- ***Portos de Galicia coordinará a participación en media ducia de salóns e feiras de cinco países europeos***

**Santiago de Compostela, 7 de maio de 2017.-** A Consellería do Mar está a traballar na captación de novos clientes náuticos procedentes de diferentes puntos de Europa para as instalacións náutico recreativas galegas. Con este obxectivo, o Portos de Galicia duplicará ao longo deste ano a presenza dos xestores náuticos galegos en eventos promocionais de carácter internacional nos que poderán presentar a oferta de servizos e instalacións náuticas da nosa comunidade.

O reforzo da participación nas principais citas náuticas europeas foi consensuado por Portos de Galicia cos responsables das principais instalacións náutico recreativas autonómicas, nunha reunión de traballo mantida esta semana que contou cunha vintena de entidades participantes, entre eles Ribadeo, Club Náutico de Sada, Marina Sada, A Pobra do Caramiñal, Muros, Cabo de Cruz (Boiro), Club Náutico San Vicente (O Grove), Nauta Sanxenxo, Real Club Náutico de Sanxenxo, Combarro (Poio), Cangas, Monte Real Club de lates de Baiona, Porto Deportivo de Baiona, Marina Davila (Vigo), Marina Vilagarcía, Portonovo. Así mesmo, estiveron representadas as dúas asociacións de entidades náuticas galegas, Asnauga e Marinas de Galicia.

Nesta xuntanza, os propios xestores náuticos ratificaron a rendibilidade que a presenza nestes eventos está a ter para Galicia nos últimos anos e apoiaron a iniciativa de da consellería de continuar a coordinar de xeito conxunto con Turismo de Galicia a representación galega en cada caso. Deste xeito, a Xunta de Galicia liderará a presenza dos xestores náuticos galegos durante o 2017 en 6 eventos de 5 países diferentes: Cork (Irlanda), Lisboa e Porto (Portugal), Southampton (Reino Unido), París e La Rochelle (Francia) e Dusseldorf (Alemaña).

A Consellería do Mar está a levar a cabo este tipo de accións dentro da súa estratexia de promoción da náutica de recreo, contemplada como un dos eixos básicos de traballo no Plan Estratéxico da Náutica Recreativa 2012-2020 que se está a executar. Os resultados deste traballo están a arrojar cifras de recepción de embarcacións en tránsito en constante aumento durante os últimos catro anos, pasando de 7.013 en 2013 a 8.205 no exercicio 2016, o que supón un incremento de preto de 1.200 barcos, que porcentualmente significa un 28% máis.

**SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DA CONSELLERÍA DO MAR**